

GONDOMAR

ANUNCIO

Tendo sido definitivamente aprobada polo Pleno do Concello, en data 11 de febreiro pasado, a Ordenanza Municipal da Instalación e Funcionamento de Infraestructuras Radioeléctricas, faise público o seu contido ó abeiro do preceptuado no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS RADIOELÉCTRICAS

PREÁMBULO

Xustificación.

Nos últimos anos estase a producir un gran desenvolvemento e implantación das novas tecnoloxías da comunicación. A manifestación máis notoria desta realidade evidénciase na enorme expansión do fenómeno da telefonía móbil, así como a consecuente proliferación das instalacións necesarias para o funcionamento destes medios de comunicación. Este feito, unido ó forte impacto que moitas destas instalacións teñen na paisaxe urbana e natural e a súa posible repercusión na calidade de vida dos cidadáns xustifica suficientemente a elaboración e aprobación por parte do Concello de Gondomar dunha Ordenanza Municipal propia para estes fins.

A Ordenanza ten por obxecto a regulamentación das condicións aplicables á localización, instalación e desenvolvemento da actividade inherente ás infraestructuras radioeléctricas de telecomunicación. Con esta Ordenanza preténdese compatibilizar axeitadamente a necesaria funcionalidade de tales infraestructuras radioeléctricas de telecomunicación e a utilización polos usuarios dos servizos de telecomunicación cos niveis de calidade requeridos, coas esixencias de preservación da paisaxe urbana e natural e de minimización da ocupación e o impacto que a súa implantación poida producir.

Contido e alcance.

A parte dispositiva da Ordenanza divídese en 21 artigos, agrupados en sete capítulos e conforme o seguinte esquema: Capítulo I.—obxecto e ámbito de aplicación; Capítulo II.—Planificación da implantación e desenvolvemento; Capítulo III.—Limitacións e condicións de protección; Capítulo IV.— Réxime xurídico das licencias; Capítulo V.— Conservación e mantemento das instalacións; Capítulo VI.—Réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións; Capítulo VII.—Réxime fiscal.

A parte final da Ordenanza componse de dúas Disposicións Adicionais, tres Transitorias e dúas Finais, e complétase cun Anexo coa definición dos conceptos nela utilizados.

Unha vez aprobada e en vigor a Ordenanza, as infraestructuras radioeléctricas de telecomunicacións reguladas nela axustaranse estrictamente as súas determinacións.

Carácter.

Trátase dunha Ordenanza de carácter transversal, dada a incidencia real das súas determinacións sobre áreas e competencias municipais de distinta orde que se procuran integrar armónicamente a través da intervención de todas elas no procedemento de concesión das preceptivas autorizacións administrativas e a súa participación na Comisión de Telecomunicacións prevista na disposición adicional segunda.

Competencia municipal.

Díctase esta Ordenanza dacordo coa habilitación legal que otorga a capacidade e lexitimidade ós Concellos para intervir, dentro do seu ámbito territorial e no marco da

lexislación do Estado e das súas Comunidades Autónomas, no proceso de implantación das infraestructuras necesarias para o funcionamento dos distintos servicios de telecomunicación a través das oportunas ordenanzas municipais e da concesión das correspondentes licencias, tanto urbanísticas, como de actividade, apertura, instalación, etc., conforme ó disposto no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, o Concello de Gondomar desenvolve a través desta Ordenanza as competencias que lle están recoñecidas na citada Lei 7/1985 nas seguintes materias: ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística -artigo 25.2 .d)-, o patrimonio histórico artístico -artigo 25.2.e)-, a protección do medio ambiente -artigo 25.2.f)-, a salubridade pública -artigo 25.2.h)-.

Marco normativo, medio ambiente e protección da saúde.

Sen prexuízo da regulación urbanística municipal contida nesta Ordenanza, será plenamente aplicable e de obrigado cumprimento a normativa sectorial específica reguladora do sector das telecomunicacións, constituída na actualidade basicamente pola Lei 11/1998, de 24 de abril, Xeral de Telecomunicacións; os Reais Decretos 1651/1998, de 24 de xullo, e 1736/1998, de 31 de xullo, polos que se aproban os Regulamentos de desenvolvemento dos títulos II e III da citada Lei 11/1998, respectivamente; o Real Decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro, e o Real Decreto 279/1999, de 22 de febreiro, sobre infraestructuras comúns de telecomunicación, así como as regulamentacións e especificacións técnicas relativas ás distintas clases de instalacións e equipos desta índole; o Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, as restricións e as medidas de protección das emisións radioeléctricas, así como a lexislación vixente o que, no seu caso, poidera aprobar esta Comunidade Autónoma nas materias afectadas pola presente Ordenanza.

Sen dúbida, un dos aspectos de maior preocupación para os cidadáns en relación con este tipo de instalacións é o relativo á protección fronte ós posibles efectos nocivos que para a saúde das persoas poideran derivarse da exposición ós campos electromagnéticos (CEM).

Neste punto, parece oportuno recordar o contido da Recomendación do Consello da Unión Euro-pea de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos 0 Hz. a 300 GHz. (1999/519/CE). Nela afírmase que é absolutamente necesaria a protección dos cidadáns da Comunidade contra os efectos nocivos para a saúde, que se sabe poden resultar pola exposición a campos electromagnéticos e que o marco comunitario debe basearse nos mellores datos e asesoramentos científicos dispoñibles no momento actual neste ámbito.

Deste xeito, e aínda dando por válida a afirmación contida nesa Recomendación do Consello da Unión Europea no senso de que “non se considera comprobado que o cancro sexa un dos efectos da exposición a longo prazo dos campos electromagnéticos (CEM)”, hai que ter moi en conta a percepción subxectiva que dos riscos relacionados coa exposición ós campos electromagnéticos ten a cidadanía e os factores de incertidume asociados á sensibilidade individual.

Neste senso, as Administracións Públicas terán que xogar un importante papel de regulación e control e estar ó tanto do progreso da tecnoloxía e dos coñecementos científicos respecto da protección contra as radiacións non ionizantes.

Debe terse en conta que de acordo co artigo 62 da Lei 11/1998, de 24 de abril, Xeral de Telecomunicacións, corresponde o Goberno da Nación a xestión do dominio público radioeléctrico e o desenvolvemento regulamentario entre outros aspectos, dos procedementos de determinación dos niveis de emisión radioeléctrica tolerables.

Pola súa parte, a Comunidade Europea está desenvolvendo accións en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Na actualidade, o V Programa Marco (1998-2002) contempla o estudo sobre os efectos que ten para a saúde das persoas a exposición a campos electromagnéticos.

Esta Ordenanza municipal establece unha serie de cautelas neste senso, tanto

mediante a regulamentación das condicións urbanísticas, de protección ambiental e de seguridade que terán que cumprir este tipo de instalacións, como mediante o sometemento a licenzia da actividade inherente a elas.

Por outra banda, a Ordenanza prevé a creación dun rexistro especial no que se inscribirán tódalas instalacións de emisión e recepción dos servizos de telecomunicación existentes no termo municipal e a creación dunha Comisión Municipal de Telecomunicacións, encargada de dictamina-las consultas relativas ás solicitudes da licenzia de actividade, de realizar o seguemento da execución da Ordenanza, de propoñer as modificacións, revisións e melloras que resulten necesarias ou convintes introducir no seu texto e, en xeral, de todas aquelas cuestións e incidencias da competencia municipal relacionadas coas materias que son obxecto de regulación.

CAPÍTULO I.—OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.—Obxecto.

O obxecto desta Ordenanza é regulamenta-las condicións urbanísticas e medioambientais ás que deben someterse a ubicación, instalación e funcionamento das infraestructuras radieléctricas de telecomunicación no termo municipal de Gondomar coa finalidade de que a súa implantación se realice con tódalas garantías urbanísticas, medioambientais e de seguridade e salubridade para os cidadáns e se produza a menor ocupación e o mínimo impacto visual e medioambiental no entorno.

Artigo 2.—Ámbito de Aplicación.

1. Están incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza as infraestructuras radioeléctricas con antenas susceptibles de xenerar campos electro-magnéticos nun intervalo de frecuencia de entre 0 Hz a 300 GHz que se atopenn situadas no termo municipal, e concretamente, antenas e infraestructuras de telefonía móbil accesible ó público e outros servizos de telefonía móbil; antenas e infraestructuras de radiodifusión e televisión, as instalacións radioeléctricas de redes públicas fixas co acceso radio e radioenlaces.

2. Quedan excepciónadas desta Ordenanza:

- A) As antenas catalogadas de radioaficionados.
- B) As antenas pasivas de radiodifusión e televisión.
- C) As antenas emisoras de usuario para acceso ás redes públicas fixas e as antenas que constitúen microcélulas e picocélulas.
- D) Os equipos e estacións de telecomunicación para a defensa nacional, a seguridade pública e a protección civil, nas condicións convidas ó efecto polo Concello e o órgano titular.

CAPÍTULO II.—PLANIFICACIÓN DA IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Artigo 3.—Obrigación e obxecto da planificación.

1. Cada un dos operadores que pretendan a instalación ou a modificación das infraestructuras de telecomunicacións a que se refire o artigo 2.1 anterior estarán obrigados á presentación ante o Concello dun Plan de Implantación que contemple o conxunto de tódalas súas instalacións radioeléctricas dentro do termo municipal.

Non obstante, os operadores poderán presentar Plans de Implantación de desenvolvemento conxunto para ofrecer servizo a unha determinada zona, tanto para o caso de tecnoloxías futuras, como no das actuais, do cal, o despliegue da rede aínda non fora acabado.

2. O Concello, á vista dos diferentes Plans de Implantación presentados polos operadores, poderá requeri-la incorporación dos criterios ou medidas de coordinación e atenuación do impacto visual ambiental, así como dos criterios respecto das distancias

mínimas das edificacións, núcleos rurais e solo urbano e os criterios a aplicar para garanti-lo mimetismo coa paisaxe e garanti-la integración no medio natural e o construído.

3. Dito Plan proporcionará a información necesaria para a axeitada integración das instalacións incluídas no ámbito de aplicación de esta Ordenanza na ordenación medioambiental e territorial, asegurando o cumprimento das limitacións establecidas na lexislación vixente.

Artigo 4.—Contido do Plan de Implantación.

1. O Plan de Implantación reflexará as ubicacións das instalacións existentes e as áreas de busca para aquelas previstas e non executadas.

2. O Plan estará integrado pola seguinte documentación:

A) Memoria coa descrición dos servizos presta-dos, as solucións constructivas utilizadas e, polo menos, as medidas adoptadas para a minimización do impacto paisaxístico e mediambiental das instalacións previstas no Plan. A estes efectos, xustificárase, coa amplitude suficiente, a solución adoptada e a necesidade das instalacións plantexadas.

B) Título habilitante para a implantación da rede de telecomunicacións.

C) Planos do esquema xeral do conxunto das infraestruturas radioeléctricas, indicando as instalacións existentes e as que se pretendan instalar, coa localización nas coordenadas UTM (coordenadas exactas para instalacións existentes e coordenadas do centro da área de busca para instalacións non executadas), código de identificación para cada instalación e cota altimétrica. Asimesmo os planos deben incluír nomes de rúas e números de policía.

D) Documentación técnica para cada instalación coa descrición dos elementos e equipos que a integran e zona de servizo; localización do emprazamento coa calificación urbanística do solo, afeccións medioambientais e o patrimonio histórico-artístico; incidencia dos elementos visibles da instalación sobre os elementos que se consideran protexidos e que afectan á paisaxe ou ó entorno medioambiental e posibilidade de uso compartido.

E) Programa de execución das novas instalacións e/ou modificación das existentes que incluírá, polo menos, a seguinte información:

- * Calendario previsto de implantación das novas instalacións.
- * Datas previstas de posta no servizo.
- * Datas previstas de retirada de instalacións, para instalacións que quedaran ou queden no desuso e para as non axeitadas a esta ordenanza.

F) Programa de mantemento das instalacións, especificando a periodicidade das revisións (polo menos unha anual) e as actuacións a realizar en cada revisión.

3. A información gráfica sinalará os sitios de emprazamento, con coordenadas UTM e sobre a cartografía seguinte:

- * A escala 1:25.000 para as instalacións que se empracen na demarcación non urbana.
- * A escala 1:2.000 para as instalacións que se empracen na demarcación urbana.

4. A documentación que integra o Plan de Implantación presentárase por triplicado no Rexistro Xeral da Corporación.

Artigo 5.—Criterios para a elaboración do Plan de Implantación.

1. Conforme ó establecido no RD 1066/2001, na planificación das instalacións

radioeléctricas, os seus titulares deberán ter en consideración, entre outros criterios, os seguintes:

A) A ubicación, características e condicións de funcionamento das estacións radioeléctricas deben minimizar os niveis de exposición do público en xeral ás emisións radioeléctricas coa orixe tanto nestas como, no seu caso, nos terminais asociados ás mesmas, mantendo unha axeitada calidade do servizo.

B) De maneira particular, as condicións de funcionamento das estacións radioeléctricas deberán minimizar os niveis de emisión próximos ás áreas de influencia sobre espazos sensibles, tales como escolas, centros de saúde, hospitais ou parques públicos.

2. Nas instalacións deberase utilizar a solución constructiva que mellor contribúa á minimización do impacto visual e medioambiental.

Artigo 6.—Efectos.

A presentación do Plan de Implantación será condición indispensable para que o municipio outorgue as licencias pertinentes para o establecemento das instalacións.

Artigo 7.—Actualización e modificación do Plan de Implantación.

1. As operadoras deberán comunicar as modificacións do contido do Plan de Implantación presentado, solicitando a súa actualización para poder proceder a facer efectivos ditos cambios.

2. De todas maneiras, as operadoras adecuarán o Plan á normativa que en cada momento sexa de aplicación nesta materia.

3. De todas maneiras, as operadoras deberán adecuar o Plan ós avances tecnolóxicos que se produzan cara a colocación de menor número de antenas, menor altura e en xeral a minimización do impacto destes elementos sobre a paisaxe.

CAPÍTULO III.—LIMITACIÓNS E CONDICIÓN DE PROTECCIÓN

Artigo 8.—Limitacións da Instalación.

1. De salubridade.

A instalación e o funcionamento das infraestruturas radioeléctricas observarán con rigor a normativa vixente na materia de exposición humana ós campos electromagnéticos, en especial a establecida no Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece, entre outras, medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioeléctricas, e en particular:

A) Non se poderán establecer novas instalacións radioeléctricas o modificar as existentes cando do seu funcionamento conxunto poidera supoñer a superación dos límites da exposición establecidos na normativa aplicable.

B) Nas instalacións dos equipos pertencentes ás redes de telecomunicación adoptaranse os medios necesarios para garantir as debidas condicións de seguridade e a máxima protección á saúde das persoas. En particular, estes medios extremaranse sobre espazos sensibles tales como escolas, centros de saúde, hospitais ou parques públicos.

2. Urbanísticas.

A) Prohíbese a instalación sobre os edificios das infraestruturas radioeléctricas engadidas no ámbito da aplicación desta Ordenanza.

B) Prohíbese a instalación das infraestruturas radioeléctricas engadidas no ámbito da aplicación desta Ordenanza nos elementos catalogados de todo tipo e no seu contorno de protección.

C) Só se permite a instalación das infraestruturas radioeléctricas incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza nos seguintes tipos de solo (según a definición do

PXOM de Gondomar actual-mente en vigor):

- Solo rústico común.
- Solo rústico de protección forestal.

3. *Uso compartido.*

a) Concello poderá establecer a obriga de compartir emprazamento según as posibilidades das instalacións existentes (axeitadas a presente ordenanza) e o desenvolvemento e coordinación entre os distintos Plans de Implantación.

b) Cando se trate do uso por diferentes operado-res dunha determinada ubicación, procurarase a menor separación entre as diferentes antenas e a mellor composición rítmica, para acadar a máxima integración na paisaxe urbana.

Artigo 9.—Condicións de protección ambiental e de seguridade das instalacións.

1. Con carácter xeral as estacións radioelétricas de radiocomunicacións deberán:

A) Usa-la solución constructiva dispoñible no mercado que coas menores dimensións, reduza ó máximo o impacto visual e ambiental.

B) Resultar compatibles co entorno e integrarse arquitectónicamente de forma axeitada.

2. A intervención do Concello neste ámbito salvagardará os principios de transparencia, proporcionalidade e non discriminación.

3. Nas instalacións das infraestructuras radioelétricas adoptaranse os medios necesarios para reducir ó máximo o impacto visual sobre a paisaxe natural e construída, coas debidas condicións de seguridade.

4. A climatización de calquer recinto contenedor efectuarase de forma que os sistemas de refrixeración se ubiquen nos sitios non visibles e o seu funcionamento se axuste ás prescricións establecidas pola vixente normativa de protección do medio ambiente urbano, como figura no Plan Xeral de Ordenación Urbana e nos demais instrumentos da ordenación urbanística.

5. A instalación das infraestructuras radioelétricas efectuarase de maneira que se posibilite o tránsito das persoas, necesario para a conservación e mantemento do espacio no que se ubiquen.

6. Os contenedores destinaranse exclusivamente a albergar o equipamento mesmo das infraestructuras radioelétricas.

Se son visitables, disporán dunha porta de acceso de dimensións mínimas de 0,80 por 1,90 m de altura, o cal se abrirá no sentido da saída. Na proximidade dos contenedores, situaranse extintores portátiles de pó polivalente ou de anhídrido carbónico, polo que a eficacia dependerá das características da instalación. Disporase, como mínimo, dun extintor de eficacia 21-A e 11 3-B.

7. As características e sistemas de protección das infraestructuras radioelétricas cumprirán o establecido pola normativa específica de aplicación e polo planeamento urbanístico e demais Ordenanzas vixentes.¹

CAPÍTULO IV.—RÉXIME XURÍDICO DAS LICENCIAS.

Artigo 10.—Suxección á licencia.

Estarán sometidos á obtención da licencia municipal as obras, instalación da actividade e funcionamento as infraestructuras radioelétricas engadidas no ámbito da aplicación desta Ordenanza.

Artigo 11.—Requisitos para a petición e tramitación das solicitudes de licencia urbanística para as infraestructuras radioelétricas en solo non urbanizable.

1. A tramitación axustarase ó establecido nesta Ordenanza con carácter xeral, coa salvedade referida no apartado seguinte.

2. O Concello trasladará o expediente ó órgano da Administración Autonómica competente na materia. O Concello emitirá un dictame sobre as solicitudes de licencia en solo non urbano e nel constará todo o referido ó impacto ou afectación da instalación sobre o medio e a proximidade a vivendas ou zonas habitadas.

Artigo 12.—Disposicións aplicables á tramitación das licencias.

1. Ademais da documentación requirida con carácter xeral polas normas de procedemento do Plan Xeral da Ordenación Urbana e demais instrumentos urbanísticos, que sexa necesaria e congruente coa natureza e características da instalación de que se trate, a solicitude das licencias acompañarase de:

A) Proxecto técnico asinado polo técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional no que se inclúa, como mínimo, a seguinte documentación:

a) Estudio de calificación ambiental que describa con detalle a posible incidencia da súa implantación e funcionamento no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do seu entorno, coa indicación dos seguintes datos:

* Acreditación fehaciente do cumprimento das normas e directrices dictadas polos órganos competentes en materia de saúde ambiental.

* Impactos ambientais producidos por ruidos e vibracións e pola expulsión forzada de aire quente ou viciado.

* Impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.

* Medidas correctoras que se propoñen adoptar para elimina-los citados impactos e grao de eficacia previsto.

b) Documentación gráfica ilustrativa do impacto visual da instalación dende o nivel da vía pública e xustificativa da localización e da solución de instalación elexidas na que se inclúan:

* Fotomontaxes:

– Frontal de instalación (cando fose posible).

– Lateral dereito: dende a beirarúa contraria da vía, a 50 metros da instalación.

– Lateral esquerdo: dende a beirarúa contraria da vía, a 50 metros da instalación.

Se o estimasen procedente os servizos técnicos municipais, deberán aportar, ademais, simulación gráfica do impacto visual dende a perspectiva da visión do viandante o dende outros puntos.

c) Plano, a escala axeitada, da localización da instalación e do trazado cableado.

d) Descrición dos medios correctores adoptados para a protección contra as descargas eléctricas de orixe atmosférica, así como as de sinalización e valado que restrinxa o acceso do persoal non profesional á zona.

B) Referencia ó Plan de Implantación previa-mente presentado que contemple as características da instalación para a que se solicita a licencia, coa expresión do código de identificación correspondente.

C) Declaración do compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade, estabilidade e ornamentación.

D) Acreditación da presentación ante o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía do proxecto técnico necesario para a autorización por éste das instalacións radioeléctricas.

2. Para a concesión das licencias será preceptivo o informe favorable dos servizos municipais competentes en materia de medio ambiente, de patrimonio histórico e estética urbana e, cando proceda según a normativa sectorial aplicable, o informe dos órganos ou institucións competentes en materia de protección do patrimonio histórico-artístico natural. Será preceptivo dispor de tódalas autorizacións sectoriais que sexan aplicables.

3. Concederanse simultaneamente as licencias que autoricen a instalación, as obras precisas e a actividade de telecomunicación á que se refira a solicitude presentada.

4. A posta en marcha destas instalacións, estará sometida á concesión polo Concello da correspondente licencia de funcionamento. Para a obtención desta licencia o solicitante

deberá acreditarla aprobación polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía do correspondente proxecto técnico e o informe favorable da inspección realizada polo mesmo Ministerio.

5. Non obstante o anterior, no caso de estacións radioeléctricas de menos de 10 vatios de potencia e de estacións de radioenlace que, conforme ó previsto nesta Ordenanza, precisen de licencia municipal, aportarase a seguinte documentación:

A) Memoria descriptiva e xustificativa das obras e instalacións con fotomontaxes e simulación gráfica do impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.

B) Planos a escala adecuada das obras e das instalacións, da localización da instalación na construción ou no edificio e do trazado do cableado.

C) Certificación da acreditación oficial da empresa responsable das obras e instalacións.

Para este tipo de estacións, concederase simultaneamente ademáis a licencia que autorice a súa posta en funcionamento.ç

Artigo 13.—Disposicións procedementais de carácter xeral.

1. A solicitude e a correspondente documentación presentarse por triplicado no Rexistro Xeral do Concello. Esta documentación irá acompañada da acreditativa do cumprimento das obrigacións tributarias que determinen as Ordenanzas Fiscais correspondentes e do aseguramento, mediante a suscripción da correspondente póliza de responsabilidade civil, dos danos que as instalacións poideran ocasionar ás persoas ou ós bens.

2. A presentación incompleta ou defectuosa da documentación, a que fan referencia os artigos anteriores deberá ser subsanada no prazo de 10 días a partir da notificación que, a este respecto, remita o Concello ó interesado. A non subsanación no prazo comportará a desestimación da solicitude.

3. Sen prexuízo do preceptivo trámite de audiencia ós interesados, acreditarase, no seu caso, a autorización do titular ou titulares do predio onde se ubique a instalación.

4. A competencia para resolver a petición corresponde ó Alcalde. A resolución concedendo ou denegando as licencias deberá dictarse con-forme o procedemento e nos prazos establecidos nas súas respectivas Ordenanzas e, supletoria-mente, na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Haberá informe previo da Comisión de Telecomunicacións, que estará formada polo Alcalde, o Concelleiro de Urbanismo e un representante de cada grupo político e os técnicos municipais en calidade e asesores.

CAPÍTULO V.—CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Artigo 14.—Deber de conservación.

1. Os titulares das licencias, así como os propietarios das instalacións, están obrigados a mante-las nas debidas condicións de seguridade, estabilidade e conservación, así como a incorpora-las melloras tecnolóxicas que contribúan a minimizar o impacto ambiental e visual das mesmas.

Asimesmo, terán que revisar as instalacións anualmente, notificando ó Concello no prazo de dous meses a acreditación de dita revisión e aportando a seguinte documentación:

- * Certificación do cumprimento dos niveis de emisión según os establecidos polo organismo competente.
- * Documentación gráfica do estado visual da instalación.

- * Informe de afección da instalación sobre a estrutura do edificio que a soporta (no caso de instalacións en edificios).
- * Plan de medidas correctoras dos problemas detectados.

Cando os servizos municipais detecten un estado de conservación deficiente, comunicaranos ós titulares da licenza para que, nun prazo de quince días a partir da notificación da irregularidade, adopten as medidas oportunas. No caso de urxencia, cando existan situacións de perigo para as persoas ou os bens, as medidas adoptaranse de forma inmediata. De non ser así, a instalación poderá ser retirada polos servizos municipais, a cargo do obrigado.

2. Nos supostos de cese definitivo da actividade ou existencia de elementos da instalación en desuso, o titular da licenza ou, no seu caso, o propietario das instalacións deberá realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retirar os equipos de radiocomunicación ou os seus elementos, restaurando o estado anterior do terreo, a construción ou o edificio que sirva de soporte a dita instalación.

3. Ademais do titular da licenza e do propietario das instalacións, serán responsables subsidiarios do cumprimento das obrigacións reguladas neste artigo, a excepción do deber de re-visión, o promotor da obra ou da actividade, ou que realizara a instalación e o propietario ou comunidade de propietarios do inmovible onde se ubican.

Artigo 15.—Renovación e substitución das instalacións.

Estarán suxeitas ós mesmos requisitos que a primeira instalación a renovación ou substitución completa dunha instalación e a reforma das características da mesma que foran determinantes para a súa autorización, así como a substitución dalgún dos seus elementos por outro de características diferentes ás autorizadas.

Artigo 16.—Órdes de execución.

1. Coa finalidade de asegurar o cumprimento do establecido na presente Ordenanza, o órgano competente do Concello dictará as órdes de execución que sexan necesarias, que conterán as determinacións seguintes:

A) dos traballos e obras a realizar para cumprir o deber de conservación das infraestruturas radioelétricas e da súa instalación ou, no seu caso, da súa retirada ou dalgún dos seus elementos.

B) O prazo para o cumprimento voluntario do ordenado, fixarase coa razón directa da importancia, volume e complexidade dos traballos a realizar.

C) A orde de execución determinarase, en función da entidade das obras a realizar, a exixibilidade do proxecto técnico e, no seu caso, dirección facultativa.

2. Nos casos de infraccións graves ou moi graves, aparte da sanción que en cada caso corresponda, a Administración municipal poderá dispor o desmontaxe ou retirada das instalacións, coa reposición das cousas ó seu estado anterior ó da comisión da infracción. De non ser executada dita orde polo responsable, iniciárase expediente de execución subsidiaria con repercusión dos gastos ó interesado.

3. As infraestruturas radioelétricas instaladas sen licenza sobre solo de uso ou dominio público municipal, non necesitarán o requerimento previo ó responsable da instalación e serán retiradas polo Concello, con repercusión dos gastos ó interesado, ademais da imposición das sancións que correspondan.

Artigo 17.—Fianzas.

O Concello poderá exixir unha fianza ó titular da instalación para cubrir a execución de tódalas medidas de protección e de corrección que se impoñan e o desmantelamento da mesma.

CAPÍTULO VI.—RÉXIME DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE E SANCIONADOR

DAS INFRACCIÓN

Artigo 188.—Inspección e disciplina das instalacións.

As condicións urbanísticas de localización, instalación –engadidas nas obras- e seguridade das instalacións reguladas por esta Ordenanza, estarán suxeitas ás facultades de inspección municipal, correspondendo ós servizos e órganos que teñan encomendada a facultade protectora da legalidade e de disciplina.

Artigo 19.—Protección de legalidade.

1. As accións ou omisións que contraveñan o disposto na presente Ordenanza poderán dar lugar á adopción das medidas que a continuación se establecen, que serán impostas polo procedemento previsto para cada unha delas:

A) Restitución da orde vulnerada na materia de urbanismo, medio ambiente ou saúde.

B) Imposición de multas ós responsables, previa tramitación do procedemento sancionador que corresponda, conforme ó establecido pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normas de aplicación.

2. En todo caso, a Administración municipal adoptará as medidas tendentes a repoñer os bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal.

Artigo 20.—Infraccións e sancións.

1. Infraccións.

As accións ou omisións que vulneren o disposto na presente Ordenanza en relación ó emprazamento, instalación e funcionamento das infraestructuras radioelétricas constituirán infraccións que serán sancionadas de conformidade co establecido na lexislación estatal, autonómica e municipal que resulte de aplicación, nos termos regulados nesta Ordenanza e no disposto nos apartados seguintes:

1.1. Infraccións moi graves:

A) A instalación sen as correspondentes licencias das infraestructuras radioelétricas.

1.2. Infraccións graves:

A) O funcionamento da actividade cos seus equipos de comunicacións sen respetar as condicións que figuren incorporadas á licenza concedida.

B) O incumprimento dos deberes de conservación, revisión e retirada das instalacións radioelétricas.

C) O incumprimento dos prazos de adecuación das instalacións existentes establecidos na presente Ordenanza.

D) Sobrepasar os niveis máximos establecidos de emisión, aínda que sexa intermitentemente.

1.3. Infraccións leves:

Aqueloutras accións e omisións, non contempla-das nos apartados anteriores, que vulneren o disposto no referente ás instalacións radioelétricas.

En todo caso, cando no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais, as accións e omisións que vulneren o disposto na presente Ordenanza serán calificadas como infraccións leves.

2. Sancións²:

A determinación das sancións que corresponde impor pola comisión das infraccións tipificadas nesta Ordenanza, realizarase na forma seguinte:

2.1. A comisión das infraccións leves a que se refire esta Ordenanza sancionarase coa multa do 1 ó 5% do valor da instalación.

2.2. A comisión das infraccións calificadas como graves na presente Ordenanza serán sancionados con multa do 15 o 30% do valor da instalación.

2.3 A comisión das infraccións moi graves sancionarase con multa do 30 o 50% do valor da obra, instalación ou actuación realizada e a obriga de dismantelar as instalacións no prazo e co procedemento que estime a vixente lexislación.

3. As actuacións reguladas nesta Ordenanza que, aínda amparadas nunha licencia, se realicen en contra das condicións impostas pola mesma, serán consideradas, ós efectos de aplicación do réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións correspondentes, como actuacións sen licencia, impoñéndose a sanción dacordo cos criterios establecidos nos apartados anteriores, que se calcularán polos Servicios Técnicos competentes.

4. Na aplicación das sancións previstas na presente Ordenanza, así como na posible adopción das medidas cautelares e os prazos de caducidade e prescripción, estarase ó establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CAPÍTULO VII.—RÉXIME FISCAL

Artigo 21 .—Réxime fiscal.

As instalacións reguladas nesta Ordenanza, así como a obtención das licencias preceptivas, estarán suxeitas ós tributos previstos nas Ordenanzas fiscales co arranxo ós preceptos destas.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.

1. No prazo dun ano, contado a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, o Concello creará un Rexistro Especial no que se inscribirán tódalas instalacións radioeléctricas suxeitas á mesma que obterán as correspondentes licencias municipais.

2. A inscrición rexistral realizarase de oficio ou a instancia do interesado e deberá conter os datos relativos o titular da licencia e ás condicións impostas para a autorización da instalación.

SEGUNDA.

Créase a Comisión de Telecomunicacións do Concello de Gondomar, como órgano coa competencia propia encargado de dictaminar as consultas relativas ás solicitudes de licencias para actividades calificadas, de realizar o seguemento da execución da Ordenanza, de propor as modificacións, revisións e melloras que resulten necesarias ou convintes introducir no seu texto e, en xeral, de todas aquelas cuestións e incidencias da competencia municipal relacionadas coas materias que son obxecto de regulación nesta Ordenanza.

A Comisión intégrase na estrutura orgánica da área de Urbanismo e acomodará o seu funcionamento ó disposto na normativa de aplicación para os órganos colexiados da súa natureza.

A súa composición e funcionamento serán aprobados pola Corporación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

PRIMEIRA.

As instalacións existentes con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza, aínda que obtiveran no seu momento as licencias entón preceptivas, deberán adecuarse á mesma no prazo de 12 meses contados a partir de dita entrada en vigor.

No caso contrario, o Concello suspenderá cautelarmente a actividade das citadas instalacións ata que procedan á referida adecuación, e ordeará o seu dismantelamento se,

transcurrido un mes dende a suspensión, non se iniciaran ó efecto os oportunos trámites mediante a solicitude das licencias que correspondan e a presentación do correspondente Plan de Implantación. Se as instalacións non foran legalizables procederáse á clausura da actividade e o desmantelamento das instalacións polo propietario ou polo Concello subsidiariamente.

SEGUNDO

As solicitudes de licencia, presentadas antes da entrada en vigor desta Ordenanza e sobre as que aínda non recaíra resolución, tramitaranse dacordo coas determinacións desta Ordenanza.

TERCEIRA.

Considerando o carácter temporal e progresiva-mente residual establecido pola lexislación vixente para os servicios de telefonía móbil automática analóxica, respétase o estado actual das súas instalacións, ata a data na que finalmente se termine o seu correspondente título habilitante ou licencia individual que, conforme á regramentación actual non poderá extenderse máis alá do 1 de Enero de 2007.

Non obstante, sempre que sexa posible, as instalacións actuais de telefonía móbil automática analóxica adaptaranse para conseguilo menor impacto visual.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA.

No non previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na normativa Estatal e Autonómica sobre a materia.

SEGUNDA.

Dacordo có establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.

A N E X O

Definición de Conceptos

Ós efectos da presente Ordenanza, enténdese por:

Antena: Aquel elemento integrante dun sistema de radiocomunicación do cal a función é a de transmitir ou recibir potencia cunhas determinadas características de direccionalidade acordes á aplicación. As antenas teñen tamaños e deseños moi variados.

Código de Identificación: O conxunto de letras e números utilizados para referenciar unha instalación ou estación radioelétrica.

Contenedor (para equipos de telecomunicación): O recinto pechado destinado a albergar equipos de telecomunicación e elementos auxiliares.

Dominio Público Radioelétrico: O espazo polo que poden propagarse as ondas radioelétricas.

Infraestructura ou instalación radioelétrica: O conxunto de equipos de telecomunicación e elementos auxiliares que permiten o establecemento de radiocomunicacións.

Microcélula e picocélula: O equipo ou conxunto de equipos para a transmisión e recepción de ondas radioelétricas nunha rede de telefonía móbil, das cales as antenas son de pequena dimensión e dan servizo en áreas reducidas ou espazos interiores.

Radiocomunicación: toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioelétricas.

Radioenlace: Radiocomunicación entre dous puntos fixos que utiliza antenas moi

directivas.

Radiodifusión: servicio de transmisión de información unilateral.

Servicios de telecomunicaciones: Os servicios nos que a prestación consiste, na súa totalidade ou en parte, na transmisión e conducción de sinais polas redes de telecomunicacións coa excepción da radio-difusión e a televisión.

Servicio de telefonía dispoñible ó público: A explotación comercial para o público do transporte directo e da conmutación da voz en tempo real coa orixe e destino nunha rede pública conmutada de telecomunicacións entre usuarios, de terminais tanto fixos como móbiles.

Telecomunicacións: Toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquer natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

Gondomar, 17 de febreiro de 2003.—O Alcalde, J. Carlos Silva Mariño. 1471

- 1) Aquí poderán establecerse, no capítulo aparte, as condicións das instalacións, tendo en conta o plan de ordenación e as normas vixentes no municipio.
- 2) A imposición de sancións precisa de habilitación legal; polo tanto, as cantías sinaladas recogna título orientativo, cada Corporación deberá establece-las conforme á lexislación aplicable. Disposición Adicional Unica da Lei 11/1999, de 21 de abril, de Modificación da LRBRL.